

# CONTIDOS MÍNIMOS. 2º BACHARELATO

## a) Contidos comúns

- Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado ós obxectivos propios deste nivel. Resumo e esquema.
- Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica.
- Elaboración de exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso.
- Lectura de libros literarios.

## b) Lingua e texto

- Propiedades do texto: a coherencia e a cohesión.
- A fonética e a fonoloxía. Descrición de fonemas.
- As variedades dialectais. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos dos diferentes bloques e áreas dialectais.
- Estrutura e formación de palabras. Análise morfolóxica.
- Sintaxe: unidades e funcións sintácticas.
- Semántica: campos semánticos e relacións semánticas. Definición de palabras.

## c) A sociolingüística

- As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
- Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.

- O galego no 1º terzo do século XX: características lingüísticas e situación sociolingüística.
- O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas e situación sociolingüística.
- O galego de finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas e situación sociolingüística.

#### **d) A literatura**

- A poesía do primeiro terzo do século XX: Irmandades e Vangardas
- A prosa do primeiro terzo do século XX: as Irmandades e o Grupo Nós
- O teatro do primeiro terzo do século XX: Irmandades, Vangardas e o Grupo Nós.
- A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.
- A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa e a Nova Narrativa Galega
- O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro do exilio.
- Poesía de fins do século XX e comezos do XXI
- Prosa de fins do século XX e comezos do XXI
- Teatro de fins do século XX e comezos do XXI

## CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

1. A avaliación será continua e esa continuidade percibirase claramente nos procedementos que o/a alumno/a empregue no día a día: competencia comunicativa, competencia lingüística, competencia pragmática, competencia sociolingüística... Será valorada a competencia do/a alumno/a tanto como a progresión que este poida acadar. Nas cualificacións das avaliacións e na nota final, o progreso do/a alumno/a durante o curso e a súa competencia comunicativa poderán ser valorados coa suma de **até 3 puntos sobre a nota obtida**.

En caso de un/unha alumno/a non acadar un 4 no exame ou non chegar ao 5 no resultado da avaliación (exame+traballo+lectura), non poderá sumar o resultado da avaliación continuada da súa competencia comunicativa na avaliación correspondente da materia, pois considerárase que non ten desenvolvidas adecuadamente as súas competencias básicas.

2. Para facilitar a adquisición de contidos conceptuais, realizarase unha proba sempre ao final de cada avaliación, (de realizarse máis dunha proba nunha mesma avaliación, indicárase que porcentaxe de nota representa cada unha delas no seu momento). Esta proba suporá o 80% da nota global do trimestre, é dicir, **8 puntos sobre 10**.

3. Os traballos de investigación encomendados aos/ás alumnos/as terán na cualificación de cada avaliación, así coma na avaliación final un valor máximo dun 10%, é dicir, **até 1 punto sobre 10**.

En caso de un/unha alumno/a non presentar o traballo correspondente a ese trimestre, non poderá obter un aprobado na avaliación correspondente da materia, pois non acadaría os contidos mínimos. Para obter a cualificación de aprobado en xuño, deberá ter entregado o traballo antes da última avaliación.

4. Para poder ser avaliado positivamente, o/a alumno/a (tanto nas avaliacións parciais coma na final) terá que ter lidas obrigatoriamente as

obras que se lle encomende ao grupo durante o curso. Este apartado suporá o 10% na nota global do trimestre, é dicir, até **1 punto sobre 10**.

En caso de que un/unha alumno/a non lese un libro, seralle recomendada, a maiores da obra obrigatoria, (logo das avaliacións) a lectura doutro diferente para poder recuperar.

As obras lidas a maiores voluntariamente serán tidas en conta, tal e como se viu no apartado 1.

5. Tanto nas probas coma nos traballos, aplicaranse os criterios de corrección vixentes para o exame de Selectividade. Se a aplicación deses criterios fose contraproducente para un elevado número de alumnos/as, poderanse descontar até un máximo de 2 puntos por falta de competencia do/a alumno/a na modalidade escrita, xa sexan os erros a nivel de ortografía coma de redacción, puntuación ou por composición. A superación destes erros terase en conta polo/a profesor/a como positivo.

6. Unha actitude inadecuada na aula (por acción ou por omisión), a ausencia inxustificada máis de 3 veces nun trimestre así como o non emprego do galego na aula, tanto na relación co/a profesor/a coma cos/as compañeiros/as, será valorado negativamente. **Por cada vez que algo disto suceda serán descontados 0,5 puntos. Aínda que o máximo que se lle poida descontar das cualificacións será de 2 puntos.** Todo isto poderá ser recuperado desde o momento en que o/a alumno/a pase a empregar a lingua galega para se comunicar na aula con continuidade, asista regularmente e manteña unha actitude adecuada de cara ao seu proceso de ensino-aprendizaxe.

7. Tras a última proba da terceira avaliación, farase unha recuperación total (a quen teña dúas ou tres avaliacións suspensas) ou parcial (a quen teña só unha). A esta proba teranse que achegar os traballos encomendados durante o curso e non realizados ou outros alternativos. Este exame poderá ter lugar fóra do horario lectivo.